

ESTREA EN NUMAX: 24.11.2017 | V.O.S.E.

Anchor and Hope (2017, 111')

Dirección: Carlos Marques-Marcet

Guión: Carlos Marques-Marcet, Jules Nurrish

Elenco: Oona Chaplin, Natalia Tena, David Verdaguer, Trevor White, Geraldine Chaplin, Lara Rossi, Philip Arditti, Charlotte Atkinson, Meghan Treadway

Son: Jonathan Darch, Dani Zacarías

Montaxe: Carlos Marques-Marcet, Juliana Montañés

Fotografía: Dagmar Weaver-Madsen

Dirección de arte: Guto Humphreys

Música: Frederic Schindler

Vestuario: Vinyet Escobar

Produtora: Lastor Media (España), Vennerfilm (Reino Unido), La Panda (Estados Unidos)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

13 dies d'octubre, 2015

(filme para televisión)

10.000 Km, 2014

The Yellow Ribbon, 2012 [curtametraxe]

I'll be alone, 2010 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Filme inaugural do Festival de Sevilla 2017.

SINOPSE

Eva é unha profesora de salsa de 38 anos que quere ser nai, mentres que Kat nunca se imaxinou ter un bebé nos seus brazos, pero non soportaría a súa vida sen Eva. Roger, o mellor amigo de Kat, volve á cidade para celebrar o seu aniversario e vese no medio dun plan que o convertería en pai. Este excéntrico trío deberase enfrontar ao desexo, ao amor e ás amizades nunha relación moi confusa e chea de malentendidos. Poderán ficar unidos?

«Un magnífico trío protagonista que destila complicidade, un guión cheo de verdade, e unha posta en escena sobria, ao servizo do autenticamente esencial»

Álex Montoya, FOTOGRAMAS.



“Quixen fuxir da típica mirada viril ao lesbianismo”

Entrevista a Carlos Marques-Marcet
Por Nando Salvà

En 10.000 Km retratou unha relación de parella a distancia, e agora en Tierra firme fala de tres persoas que queren compartir un fillo. Está claro que lle interesan as fórmulas conxugais pouco convencionais. É certo, pero debo dicir que non é algo planificado. *Tierra firme* naceu a partir do tipo de dúbida que a todos nos asalta ao chegar a certa idade: ter fillos ou non telos. As miñas parellas de amigos heterosexuais acaban preñando por accidente, pero nas parellas homosexuais a cousa é distinta: teñen que facer unha reflexión respecto diso. E o tema principal do filme é precisamente esa reflexión. Por tanto, é lóxico que os meus protagonistas sexan unha parella homosexual. Pero non é un filme sobre a homosexualidade.

Despois de velo, non queda claro se o ser humano está feito para vivir en parella. Certo, pero tampouco creo que sexa un filme pesimista respecto diso. Está claro que compartir a túa vida con outra persoa é algo extremadamente complicado. Aos seres humanos educáronnos para que cultivemos o eu, para que colmemos os nosos desexos e

necesidades persoais e nos realicemos como individuos, e por tanto quizais esteamos incapacitados para vivir en parella. Somos seres esencialmente egoístas.

Que desafíos específicos lle supuxo retratar a unha parella lesbiana?

Quixen fuxir da típica mirada viril ao lesbianismo, como a que por exemplo ofrecía *A vida de Adèle* (2013). O meu filme naceu en parte cando a miña mellor amiga, que é lesbiana, casou e se expuxo o dilema: que imos facer se queremos ter un fillo? Eu teño moitas amigas lesbianas, e de feito coescribín o filme cunha delas, Jules Nurrish, que é unha vella compañeira da universidade. Non creo que me atrevese a escribilo eu só.

Xunto con 10.000 Km, parece compor un díptico sobre a mocidade emigrada.

De novo, non é premeditado. E de feito agora estou a traballar nun novo filme que transcorrerá en Barcelona. *10.000 Km* estaba ambientada en parte n'Os Ánxeles porque alí era onde vivía nesa época. Polo que respecta a *Tierra firme*, tentamos rodala noutros lugares pero as posibilidades dramáticas que me ofrecían as canles londinienses eran insubstituíbles. Supoño que o meu cinema é produto do mundo globalizado no que vivimos. Xa non pertencemos a un só sitio, e iso é moi bonito pero ten un reverso desagradable. Agora volvín a vivir a Barcelona e experimento a riada constante de turistas. A cidade está literalmente repleta de xente. Perdeu un pouco o seu encanto.

Tras o éxito de 10.000 Km, non estivo tentado de facer un filme de gran orzamento e cun elenco estelar? Hai algún proxecto en Estados Unidos ao que estou atento. Estou seguro de que me divertiría moito pasar tres meses en Nova York facendo un filme de encarga. Encántame rodar, pásoo de medo. Non é que me tente comparar con ninguén, pero grandes autores como John Ford e Jean Renoir rodaron moitos filme de encarga. Pero non quero facelo a calquera prezo; hai que atopar o proxecto adecuado.

O seu primeiro filme falaba da necesidade de comunicación, e o segundo fala de chegar a acordos. Ambas cousas son moi aconsellábeis estes días. Si. Quizais o cinema sirva para crear pontes, e para que nos escoitemos un pouco os uns aos outros. Fai falta entenderse.

Publicado en www.elperiodico.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónatete
e ven sempre
por **4,5€**

**Faite
NUMAX!**